



MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS DE SOCIEDADES E CLUBS INSCRITOS NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA

Instrucións para cumprimentar a documentación

O Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, *Decreto 85/2014 do 3 de xullo*, establece no artigo 20 que as modificacións dos estatutos **deberán inscribirse no referido Rexistro de Entidades Deportivas no prazo de 2 meses, contados a partir do día seguinte da súa aprobación.**

O art. 14.2 da *Ley 39/15 de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, en vigor dende o 2/10/2016, establece que **as comunicacións das persoas xurídicas, neste caso sociedades ou clubs de caza, deben realizarse telemáticamente a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia.**

A FGC para facilitar este labor ás entidades deportivas pon á súa disposición un Servizo de tramitación telemática, así como os diferentes documentos e impresos que deben remitir as sociedades e clubs para a actualización e modificación dos seus estatutos.

Dos impresos e documentos que se citan a continuación (Impreso de Representación, Certificado de aprobación de Estatutos, e Estatutos) as sociedades e clubs deberán **remitir 1 copia debidamente cumprimentada e firmada en orixinal á Federación de Caza, coidando que o nome da sociedade ou club figure exactamente igual (en todos os impresos, documentos e apartados) que nos Estatutos da Entidade que agora se modifican (no caso de dúbida recoméndase consultar coa Federación).**

Para cumprimentar os impresos e documentos deberán seguirse as seguintes indicacións:

1. **IMPRESO DE REPRESENTACIÓN.** Cumprimentar o *Documento 1. Impreso de Representación* (Código de procedemento **PR946A**), polo que se autoriza á FGC para tramitar a modificación dos Estatutos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia; **debendo cumprimentarse únicamente os datos do outorgante**, indicando no apartado "**Nome**" o nome da Sociedade ou Club e o seu número de NIF (cif); e no apartado de "**E, na súa representación**" o nome e apelidos e nº de DNI do/a presidente/a da entidade.

Este documento deberá asinalo o/a Presidente/a da entidade no apartado "sinatura da persoa outorgante".

2. **CERTIFICADO DE APROBACION DE ESTATUTOS.** Certificado do/a secretario/a da Entidade co visto e prace do/a presidente/a, conforme os estatutos foron aprobados pola asemblea xeral extraordinaria, indicando a data de celebración da mesma e de **sí foron modificados na súa totalidade ou determinados artigos.**

Este documento deberá asinalo o/a presidente/a e o/a secretario/a da entidade.

3. **ESTATUTOS.**-Deberán de axustarse ao modelo oficial da FGC, (tamén conta cun modelo específico para cada unha das especialidades; Paxariles, Field Target, Agility, Cetraría e Peñas de Caza Mayor), cumprimentando todos os apartados que figuran en branco, e indicando no artigo 5 os requisitos que deberán reunir os socios (*no Documento 5 figuran a modo de exemplo algúns requisitos comúns*). **A FGC aconsella que os estatutos se remitan á Federación, en formato word, para a súa revisión antes de proceder a aprobalos na asemblea.**

Os estatutos deberán asinalos o/a presidente/a e o/a secretario/a da xunta directiva, asinando todas as páxinas á marxe esquerda agás na última que asinarán ao pé de páxina.

4. **TAXA DE AUTOLIQUIDACIÓN.** Á documentación anterior unirase o **Exemplar para a Administración** da Taxa de Autoliquidación da Comunidade Autónoma, que deberá facerse efectiva en ABanca, onde tamén facilitarán o correspondente impreso a cumprimentar (consultar códigos na FGC). O importe da taxa (Lei 6/2003, de 9 de decembro) está establecido nas Taxas da Comunidade Autónoma. Tamén pode facerse efectiva na FGC e esta encargarase de realizar o correspondente ingreso ante Consellería de Facenda.
5. **MODELO DE REQUISITOS ART. 5 ESTATUTOS.** Exemplos de requisitos para axudar a cumprimentar o art. 5 dos Estatutos

Segúndo Circular 01/2023-OBRIGATORIEDADE DO USO DA SINATURA DIXITAL NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS, os documentos deben ser asinados dixitalmente, almenos, por un dos directivos, preferiblemente polo Presidente, Secretario ou representante. (para máis detalle consultar coa FGC).